

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 13 DE XULLO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de xullo de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia da Excm. Sra. alcaldesa, Sra. D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ reúnen, por medios presenciais, os concelleiros e concelleiras: D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ, D.^a MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, D. JAVIER VÁZQUEZ PRADO, D.^a FLORA RUBINOS ROIS, D.^a SILVIA COLMENERO GUZMÁN, D. AGUSTÍN GALLEGO VIGO e DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado, e asisten á sesión a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, dona Ana María Rivas García, e a interventora xeral accidental, dona María de la Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

1. PERSOAL.- Aprobáronse as bases específicas para o proceso de provisión por mobilidade de 3 prazas de policía local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo (OPE 2026).

Tamén se aprobaron as bases e a convocatoria para a provisión mediante libre designación do posto de xefe/a do Servizo de Urbanismo.

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobouse a adxudicación da concesión demanial do uso privativo para a explotación do servizo de cafetería anexa á piscina municipal cuberta "As Pedreiras" (Exp. 2025/C012/000006) á empresa "Forxán cafetería, S.L.).

Acordouse adxudicarlle a contratación da produción e dotación técnica co obxecto de cubrir as necesidades de apertura, atención ao público, iluminación, son e demais para a execución de espectáculos e actividades no Auditorio Municipal "Fuxan os Ventos" (Exp. 2026/C003/000003) á mercantil "Escóitame producións, S.L.U..".

Aprobouse a contratación da subministración dos útiles e ferramentas necesarias para o desenvolvemento do traballo no Cemiterio Municipal de San Froilán, o prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto e a apertura do procedemento aberto simplificado abreviado (Exp. 2026/C004/000019).

ACTAS E GOBERNO

AMRG/nmf

Ref: 26extractoxg31

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-7-2026

Acordouse rectificar o erro existente no Acordo da Xunta de Goberno Local número 10/173, do 22 de abril de 2026, relativo á contratación do servizo educativo e de cociña comedor e limpeza nas escolas infantís municipais Luís Soto Menor (lote 1) e María Wonenburguer (lote 2) (Exp. 2025/C003/000023).

Acordouse concertar unha operación de crédito a longo prazo, con apertura de crédito, para o financiamento de investimentos 2026 (Exp. 2026/C003/000021) coa entidade “Banco Santander, S.A.”

Acordouse tomar razón e executar a resolución número 68/2026 do TACGAL en relación co expediente de contratación da execución do programa pedagóxico de apoio á conciliación “Aprende Xogando” do Concello de Lugo (Exp. 2025/C003/000034).

3. FOMENTO.- Aprobouse o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Asociación Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo para a concesión directa dunha subvención, instrumentada a través dun convenio de colaboración, destinada ao financiamento dos gastos da execución das obras de legalización, reforma e ampliación dun centro de recollida e albergue para animais domésticos sito no lugar de Codesido-parroquia de Muxa.

Fóra da orde do día e tras a declaración de urxencia previa, adoptáronse os seguintes acordos:

- Aprobouse a resolución da cobertura temporal en comisión de servizos do posto de xefe/a de servizo no Servizo de Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

- Aprobouse a resolución da cobertura temporal en comisión de servizos do posto de xefe/a de servizo no Servizo de Participación e Atención Cidadá do Excmo. Concello de Lugo.

- Aprobáronse os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, o gasto e a apertura da adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada da contratación -mediante lotes- do mantemento e conservación de vías públicas da zona urbana do concello de Lugo.

- Acordouse, por último, aprobar o texto e proceder á sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo sobre o uso de instalacións deportivas de titularidade da consellería.

Asinado dixitalmente pola titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, dona Ana María Rivas García e o tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado.